VSC-B1.3	3º-VSCB1.3.1 - Aplica o autocontrol á toma de decisión.	*Toma decisións de xeito reflexivo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B1.3	3º-VSCB1.3.2 - Realiza un adecuado recoñecemento e identificación das súas emocións e das demais persoas.	*Recoñece en si mesmo e nos demais diversas emocións vinculadas con sucesos que lle afectan.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B1.3	3º-VSCB1.3.3 - Expresa os seus sentimentos, necesidades e dereitos, á vez que respecta os dos e das demais nas actividades cooperativas.	*Mostra unha actitude de respecto polas manifestacións alleas e expresa as propias no traballo colaborativo	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE CCL
VSC-B1.4	3º-VSCB1.4.1 - Traballa en equipo valorando o esforzo individual e colectivo para a consecución de obxectivos.	*Participa activamente no traballo colaborativo valorando a importancia do esforzo compartido.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B1.4	3º-VSCB1.4.2 - Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	Asume as súas responsabilidades durante a colaboración.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B1.4	3º-VSCB1.4.3 - Realiza unha autoavaliación responsable da execución das tarefas con axuda dunha persoa adulta.	*Emite xuízos de autoavaliación co apoio dunha persoa adulta.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CAA CSIEE
VSC-B1.5	3º-VSCB1.4.4 - Emprega algunha estratexia para facer fronte á incerteza, ao medo ou ao fracaso.	*Pon en práctica pequenas estratexias traballadas que lle facilitan afrontar as situacións que lle xeran inseguridade.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE CAA
VSC-B1.6	3º-VSCB1.6.1 - Participa na resolución de problemas escolares con seguridade e motivación.	*Aplica algunhas estratexias básicas de resolución dos conflitos producidos no contexto escolar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CSC CSIEE
VSC-B1.6	3º-VSCB1.6.2 - Define e formula claramente problemas de convivencia.	*Recoñece algúns problemas de convivencia e expón o seu contido.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CSC CCL

VSC-B1.7	3º-VSCB1.7.1 - Reflexiona, respondendo a preguntas, as consecuencias das súas accións.	*Asume as consecuencias das súas accións, facendo referencia a estas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSCCCL
VSC-B1.7	3º-VSCB1.7.2 - Desenvolve actitudes de respecto cara aos demais en situacións formais e informais da interacción social.	*Mostra habilidades correctas de respecto cara os demais en diferentes situacións e contextos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
Bloque 2: A comprensión e o respecto nas relacións interpersoais							
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.1 - Expresar con claridade opinións, sentimentos e emocións.	*Expresa a través de diferentes vías as súas opinións, sentimentos e emoción.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC CSIEE
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.2 - Emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.	*Expresa de xeito correcto e agradable apoiando o discurso con elementos non verbais, relacionados cos seus sentimentos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.	CCL CSC
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.3 - Emprega a comunicación verbal en relación coa non verbal en exposicións orais.	*Apoia a súa exposición oral, co elementos da comunicación non verbal: xestos, sons, onomatopeas...	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.	CCL CAA CSIEE
VSC-B2.1	3º-VSCB2.1.4 - Expón respectuosamente os argumentos.	Expón respectuosamente os argumentos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
VSC-B2.2	3º-VSCB2.2.1 - Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	Escoita exposicións orais e entende a comunicación desde o punto de vista da persoa que fala.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
VSC-B2.2	3º-VSCB2.2.2 - Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	Colabora en proxectos grupais escoitando activamente, demostrando interese polas outras persoas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CAA CSIEE CSC CCL
VSC-B2.3	3º-VSCB2.3.1 - Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.	Comunícase empregando expresións para mellorar a comunicación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
VSC-B2.3	3º-VSCB2.3.2 - Amona interese polos seus interlocutores.	Amona interese polos seus interlocutores.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CCL CSC
VSC-B2.4	3º-VSCB2.4.1 - Expresa	Expresa abertamente as propias ideas	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das	CCL CSC

	abertamente as propias ideas.					produccións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.	CSIEE
VSC-B2.4	3º-VSCB2.4.2 - Emprega a linguaxe positiva.	*Fai uso de unha linguaxe positiva nassúas manifestacións respecto apersoas e situación.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.	CCL CSC
VSC-B2.5	3º-VSCB2.5.1 - Relaciona, con axuda dunha persoa adulta, diferentes ideas e opinións para atopar os seus aspectos comúns.	*Fai vínculos entre unha ou dúas idease/ou opinións coa axuda do adulto.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CCL CSC CAA
VSC-B2.6	3º-VSCB2.6.1 - Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	Emprega diferentes habilidades sociaisbásicas.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B2.6	3º-VSCB2.6.2 - Participa activamente en actividades que contribúen á cohesión dos grupos sociais aos que pertence.	*Participa de xeito desexable e progresivo nas actividades decohesión grupal da aula	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B2.7	3º-VSCB2.7.1 - Respecta e acepta as diferenzas individuais.	*Mostra respecto polas peculiaridades dos compañeiros e compañeiras.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B2.7	3º-VSCB2.7.2 - Recoñece, e identifica as calidades doutras persoas.	Fai observacións ou facermanifestacións respecto ás calidadesdos compañeiros e compañeiras	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B2.8	3º-VSCB2.8.1 - Forma parte activa das dinámicas do grupo.	*Fai observacións ou facermanifestacións respecto ás calidadesdos compañeiro/as.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B2.8	3º-VSCB2.8.2 - Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	*Mostra actitudes de confianza e afectocon respecto ós compañeiros ecompañeiras que considera amigos	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
Bloque 3: A convivencia e os valores sociais							
VSC-B3.1	3º-VSCB3.1.1 - Establece relacións de confianza cos iguais e coas persoas adultas.	*Mostra actitudes de confianza e afectocon adultos.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE

VSC-B3.1	3º-VSCB3.1.2 - Desenvolve proxectos e resolve problemas en colaboración.	*Participa no desenvolvemento de pequenos proxectos de forma colaborativa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
VSC-B3.1	3º-VSCB3.1.3 - Pon de manifesto unha actitude aberta cara ás demais persoas compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.	*Mostra respecto cara os sentimentos, emocións e interacción dos compañeiros/as.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	CSC CSIEE
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.1 - A moza boa disposición a ofrecer e recibir axuda para a aprendizaxe.	*Presta axuda ós demais e demanda apoio se o precisa.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.2 - Practica as estratexias de axuda entre iguais.	Practica as estratexias de axuda entre iguais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CAA CSIEE CSC
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.3 - Respecta as regras durante o traballo en equipo.	*Interioriza e aplica normas de traballo grupal consensuadas na aula.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B3.2	3º-VSCB3.2.4 - Emprega destrezas de interdependencia positiva.	*Facilita axuda e déixase axudar.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE CAA
VSC-B3.3	3º-VSCB3.3.1 - Participa na elaboración das normas da aula.	*Aporta ideas fundamentadas de cara a mellorar a convivencia de aula formulando normas e deberes.	X			PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea. Posta en común.	CSC CSIEE
VSC-B3.3	3º-VSCB3.3.2 - Respecta as normas do centro escolar.	*Cumprir as normas establecidas no centro educativo con carácter xeral para todo o alumnado.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC
VSC-B3.4	3º-VSCB3.4.1 - Resolve os conflitos, coa axuda dunha persoa adulta, de modo construtivo.	*Resolve con axuda, e mediante apoio como as autoinstrucións os conflitos que lle suceden.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CSIEE
VSC-B3.4	3º-VSCB3.4.2 - Manexa a linguaxe positiva na comunicación de pensamentos e intencións nas relacións interpersoais.	*Emprega unha linguaxe axeitada para comunicar os seus pensamentos ós demais.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Producións orais.	CCL CSC
VSC-B3.4	3º-VSCB3.4.3 - Analiza as emocións e sentimentos das	*Percibe e fai valoracións respecto os sentimentos dos implicados.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as.	CSC CSIEE

	partes en conflito.	nunconflito.				INSTRUMENTOS: Escala de observación. Posta en común.	
VSC-B3.5	3º-VSCB3.5.1 - Expón os dereitos básicos da infancia.	*Expón dereitos básicos da infancia traballados e dos que é coñecedor.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CCL
VSC-B3.6	3º-VSCB3.6.1 - Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE CSC CSIEE
VSC-B3.6	3º-VSCB3.6.2 - Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE CSC CSIEE
VSC-B3.7	3º-VSCB3.7.1 - Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	Colabora en campañas escolares sobre a importancia do respecto das normas de educación viaria.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. INSTRUMENTOS: Escala de observación.	CSC CSIEE
VSC-B3.7	3º-VSCB3.7.2 - Expón as causas de diferentes accidentes de tráfico	*Explica coas súas palabras situacións que poden xerar risco nos accidentes de tráfico.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CCL
VSC-B3.7	3º-VSCB3.7.3 - Explica as consecuencias de diferentes accidentes de tráfico.	*Explica coas súas palabras algunhas consecuencias dos accidentes de tráfico.	X	X	X	PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Intercambios orais cos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Escala de observación. Asamblea.	CSC CCL CMCT CD

5. Concrecións metodolóxicas.

A metodoloxía será unha metodoloxía activa, participativa, descubridora, á vez que comunicativa e inclusiva. O obxectivo será o logro dos obxectivos xerais e a adquisición das competencias clave establecidos nos epígrafes anteriores, dando a todo o alumnado unha resposta educativa adecuada ós seus intereses e necesidades.

Partirase dos coñecementos previos do alumnado (avaliación inicial), construíndo sobre eles a aprendizaxe de xeito construtivo, así coma do seu nivel de desenvolvemento psicoevolutivo e dos seus intereses.

A atención será individualizada, detectando todas as dificultades existentes e dando resposta e apoio a todo o alumnado. Atenderase tamén ós diferentes ritmos de aprendizaxe, favorecendo a autonomía e o espírito emprendedor de cada alumno/a.

As actividades postas en marcha serán integradas, traballando de xeito transversal e avanzando cara a adquisición das competencias.

Fomentarase, así mesmo, o desenvolvemento das habilidades sociais entre o alumnado.

Traballarase de xeito cooperativo (sempre respectando as instrucións con respecto á situación actual) de xeito que todo o alumnado se sinta parte activa e esencial do grupo-clase.

Realizaranse dinámicas de gran grupo a diario.

Dada a situación actual con respecto á COVID-19, cabe ter en conta diferentes escenarios nos que se vai a desenvolver o proceso de ensino – aprendizaxe. Nesta programación contemplarei tres posibles escenarios: presencial, semipresencial e non presencial. A continuación explícanse os diferentes escenarios e os cambios metodolóxicos que supoñerían.

- **Presencial:** realízase no centro. Eu como mestra funcionarei de guía no proceso de ensino, traballando os diferentes contidos de todas as áreas desta programación. As sesións serán dinámicas, traballando nas diversas destrezas. Partirei dos coñecementos previos para ir avanzando nos contidos, acompañándoos de vídeos explicativos, investigacións, debates e actividades diversas que faremos na aula e ás que poderán acceder por si mesmos, de xeito autónomo, a través da Aula Virtual (os que non teñan acceso desde o domicilio poderán facelo no centro). Ofreceranse e realizaranse actividades de reforzo e de ampliación a todo o alumnado que o precise, así como se ofrecerán apoios dentro da aula, por parte da titora e da PT, do AL e de profesorado do centro.

O alumnado fará uso dos materiais curriculares (libretas, libros, fichas...) na aula e na casa, non tendo que facer uso de todos eles todos os días (ó adecuar os horarios), minimizando o peso nas mochilas e o fluxo do material a diario.

- **Semipresencial:** poñerase en marcha cando un alumno/a ou mestre/a se ausente durante un período de tempo continuado (corentena, enfermidade...). Ó tempo que se traballa desde o centro e a aula, darase a posibilidade de facer un seguimento do curso desde o domicilio, usando como ferramenta principal a Aula Virtual. A aula Virtual articularase de maneira que o alumno/a conte coas explicacións, tarefas e dinámicas postas en marcha na aula, entregando as tarefas e recibindo as correccións da titora. O seguimento farase preferiblemente usando este medio e de non ser posible farase uso doutras ferramentas corporativas como o AbalarMovil, o correo corporativo... para o envío de actividades basadas nos libros de texto por parte da mestra e o envío das tarefas realizadas por parte das familias.
- **Non presencial:** no suposto no que a educación non presencial se prolongue no tempo. A maiores do uso xa mencionado no apartado anterior da Aula Virtual, tratarase de realizar videoconferencias para a explicación, aclaración de dúbidas, realización da actividades cooperativas e/ou en grupo...

Con respecto a isto, cabe destacar que non todo o alumnado conta cos mesmos medios tecnolóxicos nin de conexión, polo que haberá que ter en conta e adaptarse á situación de cada un/unha. Non sendo posible a posta en marcha da modalidade semi ou non presencial como se formula nun principio, non se descarta a posibilidade acordar coas familias o uso doutras vías como a atención telefónica ou o uso doutras plataformas.

6. Materiais e recursos didácticos

Recursos materiais:

- Libros de lectura: contos, cómics, literatura infantil e xuvenil.
- Información e consulta online preferiblemente (para evitar manipulación): dicionarios, enciclopedias, guías...
- Programas e aplicacións informáticas.
- Materiais multimedia.

- Libros de texto: Lingua Galega e Lingua Castelá (ANAYA), Matemáticas (Vicens Vives) e Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (Santillana).

- Recursos elaborados pola mestra: fichas, actividades, xogos...tanto para realizar en papel como de xeito virtual.

Recursos persoais:

Todo o profesorado do centro (titores, especialistas e membros do DO) e os correspondentes equipos que forman,

Espazos:

A aula ordinaria e o resto das instalacións do centro (biblioteca, patios, ximnasio...), respectando sempre as normas de circulación e aceso dada a situación actual.

Organización dos tempos:

A xornada lectiva abrangue dende as 9:45 a 14:45, repartida en sesións de 50 minutos, cun tempo adicado a aseo, merenda e descanso que abrangue dende as 12:15 ás 13:05 (isto é debido á **necesidade de organización de turnos** para cubrir estas necesidades básicas do alumnado ca fin de garantir a súa seguridade e cumprindo coas directrices ANTICOID reflexadas no protocolo do centro) .

Aparte das áreas instrumentais tamén dedicamos sesións á biblioteca(1 hora semanal e tamén utilizaremos a **biblioteca de aula**) e puntualmente á aula de informática ou ao salón de actos na que se realizan actividades relacionadas con talleres, contacontos, festivais, e diversos actos e celebracións (paz,entroido,etc...) seguindo sempre as indicacións vixentes das autoridades educativas e sanitarias.

7. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Realizase no primeiro mes de curso, tal e como establece a Orde de avaliación, unha avaliación inicial para comprobar o punto de partida do alumnado. Partindo desta avaliación, adaptarase a práctica docente á realidade do grupo – aula.

A avaliación será continua e global, abarcando todas as aprendizaxes ó longo do curso, ademais de formativa, cabendo toda modificación que sexa necesaria segundo o desenvolvemento do curso.

Os **procedementos** utilizados para realizar a avaliación serán os seguintes:

- ✓ Revisión periódica do caderno e portfolio para a comprobación da realización das tarefas e a corrección de produccions e traballos, individuais ou grupais, nos distintos formatos utilizados.
- ✓ Corrección de probas escritas que recollan os contidos estudados.
- ✓ Exposicións e produccions orais para avaliar a organización, contidos, léxico e recursos.
- ✓ Lectura en voz alta dun texto para avaliar a velocidade, entonación, ritmo e fonética e comprensión. (Específico para Lengua Castelá e Lingua Galega)

Os **instrumentos** escollidos para poñer en marcha os procedementos anteriores serán:

Avaliación formal:

- ✓ Como mínimo tres probas escritas por trimestre.

Avaliación continua:

- ✓ Control do caderno, fichas e traballos para comprobar a realización das tarefas, presentación, etc.
- ✓ Saídas do alumnado ao encerado para explicar e/ou corrixir actividades.
- ✓ Observación da participación activa do alumnado na clase, así como do seu esforzo, interese, actitude cara ás materias, dificultades de aprendizaxe, etc.
- ✓ Comprobación de que os alumnos traen o material a clase.
- ✓ Intervencións orais do alumnado, exposicións, asamblea, postas en común...

Os procedementos e instrumentos de avaliación citados procurarán determinar:

1. Valoración dos contidos e competencias adquiridas ou desenvoltas: 60%.
2. Participación do alumnado nas actividades propostas na aula (caderno, actividades da clase, material...): 20%
3. Traballo do alumnado na casa (deberes, tarefas específicas, traballos voluntarios...): 10%
4. Actitude do alumando (de cara ó traballo, ós compañeiros, ó profesorado; esforzo, participación, interese...): 10%

Estas porcentaxes corresponden ó seu peso final na nota.

Por último, recóllense os **criterios de promoción** de nivel:

Se o alumno ou alumna de 3º curso de Educación Primaria non repetiu previamente na etapa, teranse en conta os seguintes criterios para a repetición e non promoción:

- Non supera ás Matemáticas e unha das linguas cooficiais.
- Non supera Matemáticas e outras dúas troncais.
- Non supera unha das linguas cooficiais e dúas troncais.
- Non supera catro áreas que supoñan alomenos o 40% da carga semanal do horario lectivo.

8. Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino da práctica docente.

Os seguintes **indicadores de logro**, servirán para reflexionar sobre a actuación cos alumnos e sobre os aspectos recollidos na programación:

INDICADORES AVALIABLES	SEMPRE			NUNCA
	4	3	2	1
Adaptouse a práctica docente ás características do alumnado atendendo á diversidade do grupo				
Mantívose a motivación do alumnado nas propostas realizadas na aula				
Consegúuse a participación activa do alumnado				
As metas plantexadas ao longo do curso posibilitaron a consecución dos distintos estándares e competencias clave				
A secuenciación dos estándares favoreceu á súa correcta adquisición				
Usáronse estratexias e procedementos de avaliación e coevaluación en grupo				
Proporcionouse ao alumnado un feedback de como evoluciona o seu proceso de aprendizaxe				
Usáronse procedementos e instrumentos de avaliación variados en relación aos aspectos a valorar				
Realizo a programación da miña actividade educativa planificando algunhas tarefas				
Os recursos seleccionados foron axeitados para o correcto desenvolvemento das actividades propostas				
Os recursos foron diversos, variados, do contorno próximo e adaptados ás características do alumnado				
Planifico a miña actividade educativa de forma coordinada co resto do profesorado e equipos				
Usamos diferentes medios de información ás familias				
Fomentamos a participación activa das familias na vida da escola				

Utilizáronse as TIC de xeito eficaz				
Mantívoase un clima na aula no que o alumnado se sinteu seguro, con confianza, motivado e usando a disciplina e liberdade en función da vida na aula				
Tivéronse en conta as características do grupo para planificar os espazos, tempos, agrupamentos e propostas				
Modificouse a planificación ao longo do curso atendendo á flexibilidade en función da vida cotiá do centro e da aula				
Nas saídas didácticas a planificación foi axeitada				

9. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.

Como mencionei no epígrafe referido á avaliación, ó inicio do curso farase unha avaliación inicial dirixida a cada alumno/a do curso, co obxecto de determinar os seguintes aspectos:

- O coñecemento previo específico das áreas curriculares, facendo especial fincapé nas áreas instrumentais.
- As características persoais.
- As aptitudes ou habilidades intelectuais.
- A actitude do alumno/a.

Para a realización desta avaliación farase uso dos seguintes instrumentos:

- Observación directa (actitudes, procedementos e conceptos)
- Probas escritas (fichas, composicións...).
- Análise de traballos escritos: estrutura do texto, marxes, limpeza, orde, graffía, vocabulario, signos de puntuación, argumentación, coherencia, ortografía, segmentación de palabras...

Para valorar:

A competencia lingüística realizaráse probas de lectura, valorando diversos aspectos como a velocidade, a comprensión, a entoación, etc.

A expresión e comprensión oral, a través da observación directa na participación en asembleas, debates e postas en común.

A competencia matemática, con probas que inclúan actividades de numeración, de cálculo, de seriación, de ordenación de números, resolución de problemas, medidas, etc.

Decisións a implementar en caso de resultados insatisfactorios:

- Reforzo educativo na aula por parte da titora.
- Apoio por parte da mestra de PT ou do AL no caso de considerarse conveniente (ou doutro profesorado con dispoñibilidade).
- Reunión cos pais ou representantes legais para informar da situación e establecer pautas a seguir, tanto na casa coma na escola, para abordar a situación.

10. Medidas de atención á diversidade.

Terase en conta o ritmo de aprendizaxe de cada alumno. Propoñeranse actividades de ampliación para os que alcanzan os obxectivos propostos sen dificultade (casos prácticos no caderno, utilización da biblioteca de aula, actividades virtuais...), e métodos de reforzo para aqueles con ritmo máis lento (adaptar as actividades, actividades de reforzo, atención personalizada, agrupamentos flexibles e cooperativos que posibiliten a resolución conxunta das tarefas potenciando a inclusión do alumnado...).

Na medida do posible e segundo o horario das especialistas de PT e AL, atenderase aos alumnos que o precisen. Faranse apoios dentro da aula que tamén poderán ser por parte doutro mestre para facilitar a recuperación da materia do curso anterior e/ou para minimizar as dificultades, así como para dotar ó alumnado das estratexias necesarias.

11. Concreción dos elementos transversais que se traballan no curso

O Decreto 105, de currículo, recolle os elementos transversais que se traballarán ó longo di curso nesta programación.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das disciplinas de cada curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as disciplinas.

Levaranse a cabo actividades que favorezan:

- A inclusión educativa das persoas con discapacidade a través de actividades grupais.
- O fomento da igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero .
- A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e

social .

- O desenvolvemento sostible e o medio ambiente.
- O desenvolvemento e afianzamento do espírito emprendedor .
- A prevención dos accidentes de tráfico .

12. Actividades extraescolares e complementarias.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, xunto co conxunto do profesorado do centro, acordarán e organizarán as distintas visitas e actividades culturais para o longo do curso sempre seguindo as directrices dadas polas autoridades sanitarias e educativas e segundo o permita a situación epidemiolóxica do momento. Algunha das posibles poderían ser:

- Visita a paisaxes e lugares do contorno
- Visita servizos da comunidade local
- Participación en actividades ofertadas polo Concello ou outros organismos, relacionados co proxecto anual “Comunicámonos”
- Participación en festividades, campañas, celebración, etc., tales como:

Celebración do magosto

Samaín

Día dos Dereitos do Neno

Día da Constitución

Festa de Nadal

Día da Non Violencia e a Paz

Festa de Entroido

Días da Igualdade e da Muller Traballadora

Semana do libro e da prensa

Día de Europa

Día das Letras Galegas

13. Aplicacións dos plans e proxectos do centro

Concreción do Plan Lector

As actividades previstas no noso plan lector están encamiñadas a fomentar o hábito lector, e con elas preténdese animar á lectura á maioría posible de nenos e nenas. Algunhas desas actividades son:

- A mascota da biblioteca , canle fundamental de comunicación entre os neno/as e a biblioteca a través da cal, se mandan comunicados polas clases para organizar distintas tarefas.
- Contacontos
- Empréstito de libros (*hora semanal a biblioteca e biblioteca de aula*)
- Búsqueda de información
- Desenvolver o gusto pola lectura
- Letras Galegas
- Concurso “Mareando Historias”
- Kamishibai
- Horario de biblioteca para todo o profesorado, co fin de coordinar e compatibilizar os recursos e as actuacións que se leven a cabo

Concreción das TIC

As formas máis habituais de utilización das novas tecnoloxías na aula son:

- O uso do ordenador: mellorando a exposición dos contidos facéndoos máis atractivos e aumentando a motivación cara á aprendizaxe da materia e o uso dos recursos informáticos.
- Transmisión dos coñecementos básicos necesarios para poder utilizar as tecnoloxías.
- Contidos elementais que se deben desenvolver na aula son:
 - Utilización dos compoñentes básicos do contorno gráfico do ordenador.
 - Apertura e peche de aplicacións.
 - Creación dun documento novo.
 - Gardar, gravar e recuperar documentos
 - Acceso á información contida nun CD
 - Manexo da Aula Virtual

Concreción do Plan de Convivencia.

Faise necesario impulsar medidas de intervención positivas a través dos contidos do currículo, da análise dos conflitos, e de prácticas metodolóxicas axeitadas para contribuir á convivencia dentro do entorno escolar.

Como orientación, indícanse algunhas posibles actuacións que se poderían desenvolver no noso plan de convivencia:

- Asambleas de clase: o seu labor é eminentemente preventivo e van dependendo dos cursos. Realízanse sistematicamente. Nelas o alumnado e o profesor/a titor/a dialogan sobre temas como as normas de clase, normas de convivencia, actividades programadas, temas relativos á educación de valores tales como a responsabilidade, o esforzo, o compañeirismo, o respecto, a non violencia, a coeducación, o diálogo, etc., así como tamén se aproveita para formular críticas e felicitacións.
- O diálogo cos implicados nas diferentes situacións de conflitos leves que se adoitan presentar case a diario: durante as clases, no recreo, nos cambios de clases, e que se adoitan resolver facendo referencia ás normas e chegando a acordos cos implicados (falar, intentar aclarar as cousas, pedir perdón,...).
- O apoio ou intervención do equipo directivo co alumnado directamente, para reforzar as medidas ou actuacións seguidas polo profesorado.
- A información e intervención das familias en caso necesario a través das titorías.

Entre as normas de convivencia a contemplar propóñense aquí as seguintes:

a) Respecto ás entradas, saídas e estancia no centro:

- Asistir a clase con puntualidade e regularidade.
- Asistir a clase ben aseado e con vestimenta apropiada.
- Saudar ao entrar e saír da clase.
- Evitar palabras e xestos que poden ofender a outras persoas.
- Pedir as cousas aos compañeiros, profesorado, persoal non docente, etc. “por favor”, e dar “as grazas”.
- Utilizar en clase un ton de voz suave.
- Respetar a quenda de palabra.

b) Respecto aos compañeiros e compañeiras:

- Tratar con respecto e cordialidade a todas as persoas da comunidade educativa: profesores, compañeiros...
- Practicar pedir perdón ou desculpas ao facer algo que non é correcto, e facer un esforzo por perdoar os outros.
- Non excluír nin marxinar ningún compañeiro nos xogos.
- Utilizar o diálogo para resolver os conflitos, evitando as pelexas e enfados cos compañeiros e compañeiras.

c) Respecto aos materiais:

- Coidar e respectar os materiais propios, dos compañeiros e do centro.
- Compartir os materiais e xoguetes cos compañeiros.
- Utilizar correctamente todas as instalacións do centro.
- Recoller e ordenar os materiais e o mobiliario utilizados.
- Respectar o traballo do compañeiro/a nas tarefas colectivas e individuais.

d) Respecto ao traballo:

- Participar nas actividades de clase activamente, cada un na medida das súas posibilidades.
- Respectar o ambiente de traballo sobre todo en cambios de clase e desprazamentos.
- Atender en clase e seguir as orientacións dos profesores.
- Realizar o traballo con bo humor, alegría e optimismo.
- Ser responsable do estudo, esforzarse e facer as tarefas de casa.

e) Outras:

- Cumprir as sancións ou tarefas impostas.

O incumprimento das normas de convivencia dará lugar á súa consideración como condutas contrarias ou gravemente prexudiciais para a convivencia:

14. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

A programación didáctica será avaliada en diferentes momentos para comprobar a súa eficacia e facer as melloras ou cambios necesarios. Esta avaliación realizarase alomenos despois de cada sesión de avaliación dos alumnos/as, tendo en conta os resultados académicos dos mesmos e tamén os aspectos recollidos na avaliación do proceso de ensino e aprendizaxe, tendo presentes as necesidades e a evolución da clase.

Tamén se terán en conta os aspectos derivados das propostas de mellora recollidas na memoria final do curso anterior.

Utilizarase este cadro para realizar a avaliación:

ASPECTOS XERAIS	PREVISTO	REALIDADE	PROPOSTAS DE MELLORA
Porcentaxe de programación impartida			
Grao de adquisición dos contidos por parte do alumnado			
Atención á diversidade			
Actividades de recuperación e reforzo			
Educación en valores			
Metodoloxía			
Materiais e recursos didácticos			
Actividades relacionadas co Plan TIC			
Actividades relacionadas co Plan de Convivencia			
Actividades complementarias e extraescolares			
Actividades relacionadas co Proxecto Lector			
Actividades relacionadas co Proxecto Lingüístico			

15. Situación COVID-19.

Por último, realizase un resumo de todas as particularidades desta programación relacionadas coa COVID-19, explicadas máis amplamente nos diferentes apartados.

As especificacións máis importantes recollidas na programación son:

- A elaboración dun “plan de reforzo e recuperación” tras a revisión das programacións modificadas do curso anterior xunto cos informes individualizados do alumnado. Isto fai que no primeiro trimestre do curso actual se aborden as aprendizaxes esenciais non adquiridas o curso anterior de cada materia, enlazándoas de xeito directo e globalizado coas deste curso (tal e como se recolle no epígrafe 4).
En relación con isto cabe citar tamén a toma de decisións sobre as medidas de atención á diversidade (de reforzo, recuperación, apoio...) que se deben continuar ou introducir, prestando atención ós apoios do curso anterior, alumnado que promociona con algunha área suspensa...así como as conclusións da avaliación inicial.
- A contemplación dos tres escenarios posibles á hora de poñer en marcha a actividade lectiva, recollidos no epígrafe 5 de concrecións metodolóxicas: presencial, semipresencial e non presencial. Recordamos que o uso da Aula Virtual e os recursos TIC son esenciais nos escenarios nos que a asistencia á aula ordinaria non sexa posible (e no caso de dificultades de medios ou conexión actuarase como se recolle no citado epígrafe).
- O uso dos espazos do centro: cumprimento das normas establecidas e seguimento das quendas.

Carnota, a 9 de setembro do 2020

A titora de 3ºEP